

2019/2020

ACTIVIDADES PARA FINALIZACIÓN DE PROXECTOS. 3º TRIMESTRE

Itinerario de Fotografía:

ACTIVIDADE 1: Retámosvos a transformarvos nunha obra de arte!

- ✓ Buscade un cadro famoso que vos guste de algún pintor ou pintora.
- ✓ Fixádevos nos detalles dese cadro e reproducídeo con cousas que teñades pola casa.
- ✓ Podedes saír vós, alguén con quen vivades ou ninguén, xa que podedes usar bonecos e xoguetes.
- ✓ Sacade a fotografía e... enviádema a laura.mendez@edu.xunta.es
- ✓ Recorda poñer no email o teu nome e cadro que representas. Envíanos tamén a fotografía na que te inspiraches.
- ✓ Faremos unha montaxe con todas as fotografías recibidas e compartirémola na páxina do cole para que adiviñedes as dos vosos compañeiros/as.
- ✓ Prazo para mandar as fotos ata o 30 de abril.
- ✓ Tedes algúns exemplo no pdf de reto de fotografía. Esta actividade xa estaba nas propostas para esta semana, si a fixeches, xa está. Si te animas a facer outra, pois xenial.

Itinerario de Radio Escolar:

- ✓ Hai unhas semanas pedinvos que inventárades un conto.
- ✓ Se non o fixéchedes, todavía estades a tempo, pero esta vez non hai que escribir e facer os debuxos, senón lelo e mandarmo nun audio para a radio da escola.
- ✓ Os que xa tiñades a actividade feita, simplemente mandade un audio onde o neno ou nena lee/conta o conto.
- ✓ Incluírémolos nos programas de Radio Sofán, así todos os compañeiros e compañeiras, ademais dos profes do cole poderemos escoitalo.
- ✓ Enviádeo ao meu correo. Data límite 10 de maio.

Itinerario de Prensa Escolar:

- ✓ Escribirei un artigo sobre como está a pasar o alumnado este confinamento.
- ✓ Podedes enviar un correo co que queredes que conte na noticia e tamén mandar foto ou podo subir algunha das que xa teño, que me mandáchedes durante este tempo, explicando o que están a facer.
- ✓ Este artigo incluírase nun número especial de Sofán News, que se chamará COVID_19 O NOSO CONFINAMENTO.
- ✓ Data límite para enviarme fotos ou o texto que queredes que inclúa, ata o 10 de maio.